

galicia



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Regulamento Campionatos FGP 2018

Aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria do 17 de decembro 2017



Federación
Galega de
Petanca

Petanca para toda a vida

REGULAMENTO DOS CAMPIONATOS DA FGP MODALIDADE PETANCA TEMPADA 2018

Disposicións Xerais

Artigo 1º.- O Regulamento Oficial para o Deporte da Petanca.

Durante as competicións aplicarase o Regulamento de Oficial do Deporte da Petanca cos seguintes cambios:

- Artigo 7.3. O boliche debe estar como mínimo a 50 cm. dos laterais da pista.
- Artigo 9.4. Serán pistas únicas.

Artigo 2º.- Licenzas.

Tipos de Licenzas:

1º Deportistas:

Masculina Primeira, Masculina Segunda, Feminina, Masculina Sub23 e Feminina Sub23, Masculina Xuvenil e Feminina Xuvenil. *(Nota 1.1.- p10) (Nota 1.5.- p10)*

2º Técnicos e Federativos:

Técnico Nacional, Técnico Autonómico (require ter aprobado un curso no 2014 ou posterior). *(Nota 1.2.- p10) (Nota 1.3.- p10)*

3º Árbitros e Xuíces:

Árbitro Nacional, Árbitro Autonómico, (require ter aprobado un curso no 2014 ou posterior e os cursos de reciclase anual). Xuíz de mesa Autonómico (require ter aprobado un curso no 2017 ou posterior), Federativo Nacional e Federativo Autonómico (se require que sexa directivo ou responsable dunha Entidade). *(Nota 1.4.- p10)*

A vixencia das licenzas e do 1 de xaneiro o 31 de decembro.

Artigo 3º.- A uniformidade.

1º En campionatos onde se represente unha entidade.

A uniformidade comprende:

- a) O escudo da entidade, debe ser visible na peza superior e non se poderá xogarse sen el. O escudo terá que medir un miúdo de 50 mm de diámetro se é redondo ou 50mm x 50mm se é cadrado.
- b) A camiseta, o polo ou o niqui: deben ser todos iguais e do mesmo xénero e cor. Non se admitirán equipos que mesturen as camisetas, os polos ou os niquis, aínda que teñan o escudo da entidade.
- c) O pantalón (será obrigatorio os sábados, domingos e festivos); deben ser todos iguais e do mesmo xénero e cor. Admítese tamén o pantalón curto deportivo a un palmo (como máximo) por encima do xeonllo, e sendo utilizado por todos os integrantes do mesmo equipo. Non se admitirán equipos que mesturen pantalón longo e curto. Queda excluído o pantalón vaqueiro, pantalón cinguido tipo ciclista ou atletismo, as bermudas e as mallas.
- d) Chaqueta deportiva, sudadera e/ou xersei; deben ser todos iguais e do mesmo xénero e cor. Esta peza de abrigo non é obrigatoria. O deportista que a necesite poderá facer uso dela.

- e) O calzado será deportivo. Queda prohibido xogar descalzo, o uso de sandalias, chanclas e zapatos de tacón.

2º Nos campionatos Open, a uniformidade comprende:

- a) A peza superior será igual para todos os integrantes do equipo. Tamén valerá que cada un dos deportistas utilicen a peza superior da súa entidade.
b) Queda excluído o pantalón cinguido tipo ciclista ou atletismo e as mallas.
c) Para o calzado aplícanse as mesmas normas do apartado 1º, e).

Artigo 4º.- Sistema das eliminatorias.

1º Nas Fases Previas CE as eliminatorias serán por sistema suízo ata ¼ de final, semifinal e final eliminatorias directas.

2º Nos Campionatos Galegos as eliminatorias serán por sistema suízo e eliminatoria directa segundo a participación, xogaranse nun fin de semana.

Artigo 5º.- Os sorteos.

Nos sorteos evitarase, no posible, que os equipos ou deportistas da mesma entidade estean no mesmo grupo.

Cabezas de Serie: son os catro primeiros da edición do ano anterior; no caso nas FP CE e CG a praza a gana a entidade, no caso dos CG de equipos de distintas entidades, os cabezas de serie, son os deportistas sempre que sexan os mesmos e o nome do equipo chámese igual.

Artigo 6º.- Mesa de control.

Estará formada polas persoas que designe o Comité de Árbitros da FGP.

Artigo 7º.- As entidades.

As entidades poderán participar en todos os campionatos, a condición de que, non teñan débedas coa FGP, non estean sancionadas e teñan abonado a inscrición da tempada 2018.

Artigo 8º.- Os técnicos e/ou federativos.

Os técnicos e/ou federativos son os responsables de presentar as licenzas na mesa de control, de recoller o resultado do sorteo e de realizar reclamacións se as estiman oportunas.

Artigo 9º.- Os deportistas.

Os deportistas poderán participar en todos os campionatos da súa categoría, a condición de que estean libres de sancións e teñan a licenza paga e asinada do ano en curso.

Os deportistas poderán cambiar de entidade unha soa vez na mesma tempada.

Os deportistas gañarán puntos para o Ránking en función da táboa de puntuación. As puntuacións do Ránking manteranse durante 52 semanas ou ata a celebración dunha nova edición do campionato ou torneo.

Artigo 10º.- Deportistas suplentes.

Cada equipo pode contar con deportistas suplentes; un suplente poderá substituír a un compañeiro durante a partida comunicando ao árbitro. O cambio producirase entre dúas mans e antes do lanzamento do boliche.

Artigo 11º.- O tabaco e o alcohol.

Queda terminantemente prohibido fumar dentro do terreo de xogo. Igualmente comer e/ou beber bebidas alcohólicas. En caso de non respectar a norma, aplicarase o artigo 35 do Regulamento Oficial para o Deporte da Petanca. Tamén queda prohibido o cigarro electrónico.

Nas instalacións deportivas queda prohibido fumar, tal e como vén establecido no artigo 7 apartado e), da Lei 42/2010, do 30 de decembro que di “Instalacións deportivas e lugares onde se desenvolvan espectáculos públicos, sempre que non sexan ao aire libre. “

Artigo 12º.- Disciplina deportiva.

Aplicaranse os artigos do 69 ao 85 dos Estatutos da FGP.

Artigo 13º.- Modificacións.

Para o bo desenvolvemento das competicións, esta FGP, como máxima entidade neste deporte, poderá modificar o que estime oportuno deste regulamento.

Campionato da Liga Xunta de Galicia

Artigo 14º.- Regulamento Oficial para o Deporte da Petanca.

Aplicarase o indicado no artigo 1º do presente regulamento cos seguintes cambios:

- **As partidas de Segunda, Segunda B e Segunda C xogaranse a 11 puntos.**
- O equipo visitante lanzará inicialmente o boliche.

Artigo 15º.- A estrutura do Campionato de Liga

O Campionato de Liga queda estruturado en dúas Categorías:

Categoría Masculina: Consta das seguintes divisións:

- a) División de Honra, cun grupo de 10 equipos,
- b) **Preferente, cun grupo de 9 equipos,**
- c) **Primeira, cun grupo cun máximo de 10 equipos.**
- d) **Segunda, cun grupo de 12 equipos.**
- e) **Segunda B, cun grupo de 12 equipos**
- f) **Segunda C, con dous grupos (G1 e G2) e o número de equipos dependerá da inscrición.**

Categoría Feminina: Consta das seguintes divisións:

División de Honra, **con dous grupos (G1 e G2), o número de equipos dependerá da inscrición.**

Artigo 16º.- Os equipos

Os equipos estarán formados por un mínimo de 6 deportistas (non contabilizando os deportistas xuvenís),

Artigo 17º.- As pistas.

Cada entidade terá que dispoñer dun mínimo de dúas pistas coas dimensións de 4 x 15 metros, con todo, as entidades cuxas pistas non reúnan as medidas regulamentarias, deberán contar co visto e prace da FGP, baseándose no artigo 5 do Regulamento Oficial para o Deporte da Petanca.

Artigo 18º.- As licenzas.

Para a categoría masculina:

- a) Requírese licenza de Primeira Nacional ou Sub23 Masculina para a liga de División de Honra, **Preferente** e Primeira.

- b) Requírese licenza de Segunda Nacional ou Sub23 para a liga de Segunda, Segunda B e **Segunda C**.

Artigo 19º.- O calendario da competición.

Será elaborado pola FGP e terá que ser aprobado pola Asemblea Xeral.

Artigo 20º.- Enfrontamentos dos equipos.

O desenvolvemento da competición realizarase de maneira que os equipos xoguen todos contra todos, a ida e volta, sendo unha xornada en cada campo dos equipos enfrontados e darase un punto por partida gañada,

Os enfrontamentos desenvolveranse da seguinte maneira:

Xogaranse dúas partidas por triplete, cruzándose na segunda partida. Mantendo as pistas o equipo locatario. Na primeira partida xogarán as triplets sinaladas coa letra "A" entre si e o mesmo as triplets coa letra " B".

Artigo 21º.- Datat e horarios.

Os enfrontamentos empezarán ás **20:00** horas de luns a venres; ás 16:30 horas (febreiro-marzo), 17:00 horas (abril-**maio**) e **17:30 horas (xuño e xullo)** os sábados e ás 10:00 horas os domingos; en todos os casos contéplase, un cuarto de hora de espera por cortesía.

Só se poderá cambiar a data e/ou horario dos enfrontamentos nos supostos e cos requisitos a continuación indicados:

- a) Cando coincida un ou máis deportistas que deban acudir a un Campionato de España, pódese cambiar a xornada, a condición de que, sexa anterior ao enfrontamento seguinte, (informando á FGP); Se é posterior á xornada seguinte deberá comunicarse á FGP para obter o visto e prace.
- b) Cando un enfrontamento non poida realizarse ou teña que suspenderse por causa de forza maior a criterio de ambos os técnicos e/ou federativos, as entidades afectadas, poderán poñerse de acordo para asignar unha nova data, a condición de que, sexa anterior ao enfrontamento seguinte, (informando á FGP); Se é posterior á xornada seguinte deberá comunicarse á FGP para obter o visto e prace.
- c) Cando interese adiantar ou atrasar a data dalgún enfrontamento por acordo entre os afectados, deberá comunicarse á FGP para obter o visto e prace.

- d) Non se poderá aprazar nin adiantar ningún encontro por participar noutro evento deportivo non autorizado.

Os equipos implicados en ascensos, descensos, ou promocións, non poderán cambiar a data e/ou horario da última xornada de liga.

Artigo 22º.- Ascensos, descensos e grupos.

A composición das distintas divisións virá determinada pola clasificación final da liga do ano anterior (tendo en conta os ascensos, descensos e promocións).

Ascensos, descensos e promocións da liga:

Categoría Masculina:

- a) División de Honra: promocionan o 7º **contra o 4º de Preferente e 8º contra o 3º de Preferente**. Descenden o 9º e 10º.
- b) Preferente: Ascenden 1º e 2º. Promocionan para o ascenso 3º **contra o 8º DH e 4º contra o 7º DH**. Promocionan para o descenso 7º **contra o 4º Primeira e 8º contra o 3º Primeira**. Descende o 9º.
- c) Primeira: Ascenden 1º e 2º Promocionan para o ascenso o 3º **contra o 8 de Preferente e 4º contra o 7º de Preferente**.
- d) Segunda: Promocionan para o descenso o 9º **contra o 4º de Segunda B e 10º contra o 3º de Segunda B**. Descenden o 11º e 12º.
- e) Segunda B: Ascenden o 1º e 2º. Promocionan para o ascenso o 3º **contra o 10º de Segunda e 4º contra o 9º de Segunda**. Promocionan para o descenso o 9º e 10º **contra os 2º de Segunda C**. Descenden o 11º e 12º.
- f) Segunda C: Ascenden o 1º de cada grupo e promocionan os 2º de cada grupo **contra o 9º e 10º de Segunda B**.

Soamente permítense un equipo da mesma entidade en cada grupo, excepto en **Categoría Masculina Primeira e Segunda C**.

O equipo que gañou o dereito de ascender e renuncie a subir, pasará o dereito, soamente ao seguinte equipo da lista da clasificación final.

Os equipos de nova inscrición comezarán:

Categoría masculina:

- **Primeira ou Segunda C**.

Categoría feminina:

- **División de Honra**.

Nos grupos G1 e G2 na tempada seguinte cambiaran de grupo os pares, salvo que xa este outro equipo do mesmo club.

As prazas vacantes que se puidesen orixinar da formación das distintas divisións, xa sexa por renuncia dalgún equipo ou por calquera circunstancia, serán cubertas polos equipos situados inmediatamente inferiores e por orde de méritos contraídos na competición de Liga, valorado e estudado pola FGP.

Artigo 23º.- A presenza dos equipos.

Para disputar os enfrontamentos deberán estar presentes no terreo de xogo os deportistas necesarios para formar como mínimo unha tripleta e un técnico e/ou

federativo. Se algún dos equipos non reúne as condicións sinaladas para poder empezar a xogar á súa hora, pasados os 15 minutos de espera, considerarase que ten perdidas as dúas primeiras partidas, e se persistise a situación durante os seguintes 15 minutos, daranse por perdidas as dúas segundas partidas.

Se unha vez empezado o tempo de xogo, e pasados os 15 minutos de espera de cortesía só se presentase unha das tripletas dun equipo, esta poderá xogar. A triplета non presentada terá a primeira partida perdida.

Terminada a primeira partida, se aínda non se presenta a triplета que falta, daráselle por perdida a segunda partida.

Artigo 24º.- A clasificación.

A clasificación estará na páxina web da FGP (www.fgpetanca.org).

Artigo 25º.- Resolución dos equipos empatados.

De producirse un empate a puntos entre dous ou máis equipos este resolverase da seguinte maneira:

- 1º Polos puntos obtidos dos enfrontamentos entre si.
- 2º Polo maior valor, que resulte de restar os tantos a favor menos os tantos en contra, tendo en conta soamente os enfrontamentos entre si.
- 3º Polo maior valor dos tantos a favor tendo en conta soamente os enfrontamentos entre si.
- 4º Polo maior valor que resulte de restar os tantos a favor menos os tantos en contra, tendo en conta todos os enfrontamentos do grupo.
- 5º Polo maior valor, dos tantos a favor, tendo en conta todos os enfrontamentos do grupo

As normas anteriores aplicaranse por este orde e con carácter eliminatorio, de tal forma que, se ao aplicar unha delas resolvécese o empate, este quedará excluído.

Artigo 26º.- Equipos descualificados.

Serán causas de descualificación dun equipo:

- a) A súa incomparecencia en tres xornadas.
- b) A súa retirada da competición.

As descualificacións serán acordadas polo Xuíz Único de Competición da FGP, podendo levar a perda de categoría do equipo involucrado.

Se se descualifica a un equipo durante a ida da liga, todos os enfrontamentos que leva disputados e os que quedan por xogar, quedarán cun resultado de 13-0 en contra, e reaxustarase a clasificación.

Se se descualifica a un equipo durante a volta da liga, todos os enfrontamentos que leva disputados da volta e os que quedan por disputar, quedarán cun resultado de 13-0 en contra, mantendo os resultados da ida, e reaxustarase a clasificación.

Artigo 27º.- As actas.

As actas estarán dispoñibles na páxina web (www.fgpetanca.org).

Finalizado o enfrontamento, o equipo locatario deberá cubrir os resultados na web (www.fgpetanca.org).

Artigo 28º.- Os árbitros e xuíces de mesa.

Ante a imposibilidade actual de que todos os enfrontamentos da liga sexan arbitrados por árbitros, estes, disputaranse sen a súa presenza, salvo en casos excepcionais.

O técnico e/ou federativo locatario será o que exerza de árbitro, no caso de que fose necesario.

Calquera Entidade que solicite un árbitro terá que asumir os gastos de 6,00 €/ h. e o desprazamento 0,15 €/Km. e deberá solicitalo cunha antelación de 8 días.

Os xuíces de mesa perciben 24 € por xornada, 12 medida xornada

Artigo 29º.- Os técnicos e/ou federativos.

No transcurso de calquera enfrontamento será obrigatoria a presenza do técnico e/ou federativo.

O técnico e/ou federativo locatario cubrirá o acta do enfrontamento, indicando coas letras A e B, os deportistas que participan en cada equipo, anotará incidencias se as houber e poñerá os resultados.

Os técnicos e/ou federativos (local e visitante) mostrarán as licenzas e asinarán o acta. No caso de haber árbitro, este tamén asinará.

Artigo 30º.- Ascenso de deportistas.

As entidades con máis dun equipo, poderán subir deportistas de divisións inferiores sen cambiar a súa división de orixe. Ningún deportista, (excepto xuvenís), poderá participar en dúas divisións durante a mesma semana. Os enfrontamentos aprazados ou adiantados consideraranse dentro da semana que deberían xogar.

Artigo 31º.- Os deportistas suplentes.

Cada equipo pode contar con dous deportistas suplentes en cada tripleta ou dupletas, a condición de que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión da licenza na mesma división ou inferior.
- b) Que o cambio se produza entre dúas mans e antes do lanzamento do boliche.
- c) Unicamente poderase realizar un cambio durante a partida.
- d) Para o comezo da segunda partida pódense cambiar ata dous deportistas á vez.

Os deportistas suplentes figurarán no acta, na tripleta correspondente (A ou B).

Artigo 32º.- As deportistas.

Poderá xogar unha deportista por triplete na categoría masculina de Segunda, Segunda B e **Segunda C**, a condición de que, a entidade da deportista non teña equipo feminino na liga.

Artigo 33º.- Os deportistas Xuvenís.

Permítese xogar a dous xuvenís en cada triplete.

Os deportistas xuvenís (mascullinos) non poderán xogar en categoría feminina. As deportistas xuvenís (femininas) non poderán xogar nas seguintes divisións: División de Honra, **Preferente** e Primeira ambas da categoría masculina.

Artigo 34º.- A circunferencia.

É obrigatorio o uso da circunferencia. O diámetro será de 50 cm. ± 2 mm.

As Fases Previas Campionatos de España e os Campionatos Galegos

Artigo 35º.- Participación mínima nas Fases Previas CC.EE.

A participación mínima para poder clasificarse a un CE é a seguinte:

Fase Previa Tripletas e Dupletas	Equipos	Fase Previa Individual	Deportistas
Primeira	16	Mascullina	32
Segunda	16	Feminina	16
Femininas	8		

Artigo 36º.- Fases Previas Individual masculina e feminina.

Hai que abonar a inscrición por deportistas, excepto os campións da edición anterior.

Artigo 37º.- Fase Previa Tripletas.

Xogarase na modalidade individual. O campión clasifícase, para completar o equipo, decídeos a FGP

Artigo 38º.- Axudas por desprazamentos a CE por Clubs o Open Sub23.

As axudas por desprazamentos aos campionatos de España por clubs calcúlanse da seguinte forma:

- a) Os quilómetros de ida e volta (Vigo-destino-Vigo) por 0,15€ e polo número de equipos (Triplete, dupleta) da entidade.
- b) As dietas son a 15 € por persoa e día de competición.

$$\text{Axuda}=(a) + (b)$$

No Campionato Galego Sub23 masculino o Campión e Subcampión recibirán a mesma axuda como un equipo duna entidade.

O mesmo Baremo aplicarase para calquera desprazamento da Selección e Órganos de Goberno que se despracen fora de Vigo.

Artigo 39º.- Campionato Galego de Mestres.

Xogarase por dupletas; os 8 primeiros deportistas do Ránking de Primeira, Segunda e Feminina, que elixirían o seu compañeiro da súa categoría; en categoría Xuvenil **os 8 primeiros deportistas do Ránking en modalidade individual.**

A dupla Campioa da edición anterior se non están entre os 8 primeiros ocupasen o posto do 8 do ránking, sempre que os dous deportistas xogan xuntos.

Artigo 40º.- Horarios.

Pola mañá comezase a 9:30 h. e pola tarde ás 15:30 h, [salvo os meses de maio a outubro que se comezará ás 10:00 horas e 16:00 horas](#) en todos os casos contéplase, un cuarto de hora de espera por cortesía.

Os Torneos Autorizados pola FGP

Artigo 41º.- Reserva de Datas.

O organizador deberá presentar o modelo de solicitude para a reserva de datas e envialo por correo electrónico a correo@fgpetanca.org

As datas concedidas non poderán ser modificadas sen a autorización da FGP.

Artigo 42º.- Solicitude para realizar un Torneo.

O organizador, con datas reservadas, deberá cubrir e presentar o modelo de solicitude de torneos da FGP e entregalo á FGP ou envialo por correo electrónico a correo@fgpetanca.org acompañado das normas do torneo.

Artigo 43º.- Informe do torneo.

Ao termo do torneo e antes de 30 días, os organizadores deberán entregar un informe á FGP cos cadros, resultados, e unha listaxe de todos os participantes por equipos cos números de licenza e o acta arbitral (modelo da FGP).

Artigo 44º.- Torneos non autorizados.

Nos torneos que non estean autorizados pola FGP ou pola FEP non se poderá solicitar presenza de licenzas nin esixir a uniformidade. Tanto as entidades que organicen, como os deportistas que participen non estarán cubertos co Seguro Obrigatorio Deportivo (SOD) da FGP, nin o seguro de responsabilidade Civil da FGP.

[Nota. Os cambios en azul.](#)

PROGRAMA DEPORTIVO FEP 2018

(Nota 1.1.-) CATEGORIA DE DEPORTISTA:

* En MASCULINO: Primeira, Segunda, Sub 23 (de 18 a 22 anos, os nados entre 1996 e 2000), Xuvenil (de 13 a 17 anos, os nados entre 2001 e 2005)

* En FEMININA: Feminina, Sub 23 (de 18 a 22 anos, os nados entre 1996 e 2000), Xuvenil (de 13 a 17 anos, as nadas entre 2001 e 2005)

(Nota 1.2.-) CATEGORIA DE FEDERATIVO NACIONAL (Esta Licenza non é válida para xogar). * Esta Licenza pódena solicitar todos os directivos (de Clubs, Federacións ou Delegacións) e deportistas que desexen estar cubertos por un Seguro Obrigatorio Deportivo (SOD), sendo esta Licenza unicamente válida para exercer como Delegado Oficial en todos os Ctos. de España e Torneos Nacionais e Internacionais autorizados pola FEP (Esta licenza non é válida para poder dar indicacións aos deportistas e estar sentado no lugar que corresponde aos Técnicos).

(Nota 1.3.-) CATEGORIA DE TECNICO NACIONAL (Esta Licenza non é válida para xogar).

* Esta Licenza deberana solicitar os Técnicos Nacionais, é OBRIGATORIA, e debe estar en vigor anualmente para poder exercer en todos os Ctos. de España e Torneos Nacionais e Internacionais autorizados pola FEP en todas as categorías, xa que desde a tempada 2014 é indispensable ter esta Licenza para poder dar indicacións aos xogadores e estar sentado no lugar que lles corresponde. Na tempada 2018 as licenzas de Técnicos Nacionais xa confeccionadas pola FEP anteriormente, deberán levar o correspondente selo do 2018. No caso de tramitalas por primeira vez, deberase enviar unha fotografía á FEP. Desde a FEP notificamos e facemos saber que todo aquel TÉCNICO NACIONAL que, sen motivo aparente nin causa xustificada, deixe de FEDERARSE anualmente ou non queira exercer as súas funcións, perderá automaticamente a súa titulación, debendo volver examinarse se quere recuperala.

(Nota 1.4.-) CATEGORIA DE ÁRBITRO: (Esta Licenza non é válida para xogar).

ARBITRO TERRITORIAL. - Concedida pola Federación Territorial (a súa Licenza ten que estar na FEP cun mínimo de dous anos de antigüidade para poder acceder ao exame de Arbitro Nacional).

ARBITRO NACIONAL. - Concedida pola FEP. Desde a FEP notificamos e facemos saber que todo aquel ÁRBITRO NACIONAL que, sen motivo aparente nin causa xustificada, deixe de FEDERARSE anualmente ou non queira exercer as súas funcións, perderá automaticamente a súa titulación, debendo volver examinarse se quere recuperala.

(Nota 1.5.-) OBSERVACIÓNS RELATIVAS ÁS LICENZAS EN TORNEOS OFICIAIS.

* Os xogadores Infantís non poden xogar noutra categoría que non sexa a deles: INFANTIL. O infantil que o desexe pode sacar Licenza Xuvenil, abonando a cota correspondente a esta categoría.

* A categoría XUVENIL poderá ser MIXTA e con esta Licenza pódese xogar en categorías superiores, 1ª ó 2ª os Xuvenís e Feminina as Xuvenís (fóra dos Campionatos de España de Clubs nos que poderán participar en todos aqueles en os que xogasen a correspondente Fase Previa A condición de que HAIA UN REPRESENTANTE DA CATEGORIA). O campionato de España Sub. 23 podería

xogarse co sistema OPEN (dupletas). Nesta categoría Sub 23, independentemente de xogar a súa Open, onde poden mesturarse xogadores de distinto Clubs, poderán tamén participar nos seus Clubs ou en 1ª, 2ª cun representante ou 3 Sub 23 se o prefiren.

A categoría Sub 23: Con esta Licenza pódese xogar en categorías superiores, en Masculina 1ª e 2ª e as mozas en Femininas, computando para a suma global de licenza na categoría que desexen.

* Calquera xogador de 2ª categoría pode xogar en categoría SUPERIOR, sempre que haxa un representante COMO MINIMO da categoría no equipo (fóra dos Campionatos de España de Clubs).

* Nos Torneos "SENIORS" poderán formarse equipos sen ter en conta a categoría dos mesmos, xa que a palabra "SENIOR" unifica todo tipo de categorías.

* Os cambios de Club durante unha tempada non terán efecto ata a comunicación á FEP, cumprindo os requisitos esixidos nas Normas establecidas para cambios de Club e achegando ao impreso de cambio a baixa do deportista, concedida polo seu anterior Club. Non se poderá pertencer a máis de dous Clubs nunha mesma tempada e non se poderá xogar nunha tempada o mesmo Torneo con dous Clubs diferentes. Ao realizar un cambio entre Autonomías, deberá abonarse novamente a cota de afiliación (excepto a relativa ao SOD). Cando se realice un cambio de Club, deberá enviarse á FEP a baixa do Club anterior e a autorización ao cambio da Federación Autonómica á que o xogador pertencía. Unha Federación Autonómica non pode negarse a dar a carta de liberdade a un xogador se este presenta a baixa do seu club, a condición de que non exista ningún impedimento legal (sanción firme, débedas, acordos debidamente asinados, etc.). Así mesmo, un Club non poderá negarlle a baixa a un xogador se este cumpre os requisitos anteriormente sinalados.



Pétanca para toda a vida

